

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

ANUNCIO do 21 de marzo de 2024, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se notifica a resolución de autorización administrativa previa, de construción e declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución eléctrica no concello de Touro (expediente IN407A 2023/207-1).

Para dar cumprimento ao disposto no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, segundo o cal a publicación no *Boletín Oficial del Estado* resulta preceptiva «cando as persoas interesadas nun procedemento sexan descoñecidas, se ignore o lugar da notificación ou ben, intentada esta, non se puidese efectuar...», mediante o presente anuncio notificábase ás persoas sinaladas no cadro anexo a resolución desta xefatura territorial, do 8 de febreiro de 2024, pola que se concede a autorización administrativa previa, de construción e declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución de enerxía eléctrica a prol da entidade UFD Distribución Electricidad, S.A., que corresponde ao proxecto de instalación eléctrica denominado instalación de telecontrol na LMT POR809, apoio AODSL-SRN//6-28-3, no concello de Touro (expediente IN407A 2023/207-1).

O texto íntegro da resolución que agora se anuncia está á disposición das persoas interesadas na sede da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Industria e Innovación da Coruña, situada no Edificio Administrativo de Monelos, na rúa Vicente Ferrer, 2-2º, 15008 A Coruña, na Sección de Enerxía (teléfono de contacto 981 18 49 02), das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres. As persoas interesadas disporán dun prazo de dez (10) días, a partir da publicación deste anuncio, para solicitar a remisión da resolución ao enderezo que sinalen.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada perante a conselleira de Economía, Industria e Innovación, no prazo dun mes contado a partir da notificación da resolución, ou calquera outro recurso que proceda.

A Coruña, 21 de marzo de 2024

Isidoro Martínez Arca
Xefe territorial da Coruña





ANEXO

Instalación de telecontrol na LMT POR-809, apoio AODSLSRN//6-28-3

Relación de bens e dereitos afectados, concello de Touro (A Coruña)

Parcela proxecto	Propietario/titular	Referencia catastral	Lugar	Afección pleno dominio (LMT, CT e/ou apoios)		LMT aérea-voo (servidume de paso de enerxía eléctrica)		Natureza do terreo
				CT/Nº do apoio	Superficie (m ²)	Lonxitude (m)	Superficie (m ²)	
1	Ángel Vázquez Lamas e irmáns	15086D501003290000SR Polígono 501, parcela 329	Lugar de Raxeira	Novo apoio núm. 6-28-3 (ITC)	2			Rústico. Agrario

Abreviacións:

ml aé.: lonxitude da servidume aérea en metros lineais.

ml sot.: lonxitude da servidume soterrada en metros lineais.

m² aé.: superficie de servidume aérea en m².

m² sot.: superficie de servidume soterrada en m².

